



# COSTA DE DUMBRÍA O ÉZARO

Adela Leiro, Mon Daporta  
agosto 2019



**Distancia:** 2 km (lineal)  
**Dificultade:** baixa



- 1-Cadoiro do Xallas.  
Esteiro do Xallas.
- 2-Enseada e praia de Ézaro
- 3-Pedra Maior ou Pedra Grande
- 4-Praia de Area Grande
- 5-O Forcado
- 6-Praia de Area Pequena.  
Rego Rosa.
- 7-Peirao. Punta Finsín e praia.

Dumbría, un concello maiormente de interior que estende o seu territorio polas alturas que separan os ríos Xallas e Castro e polos montes de Buxantes, ten un pequeno tramo de costa na contorna do Ézaro. Non son máis que 2 km, pero acolle uns fermosos areas e un lugar espectacular, dos máis coñecidos de Galiza, a ferverza, de máis de 40 m de altura, pola que o río Xallas cae ao mar. Unha ferverza que agora podemos gozar todos os días porque os propietarios da concesión do encoro teñen a obriga de manter no río un mínimo caudal ecolóxico. Unha parte da costa está protexida no LIC/ZEC “Carnota-Pindo”. O tramo de costa de Dumbría pódese percorrer en case toda a súa lonxitude por un roteiro chan e espazos acondicionados con beirarrúas, pasarelas e paseo, 4 km ida e volta, entre o miradoiro da ferverza e o porto do Ézaro, para camiñar de vagar, unha parte pola area se a marea axuda, co telón de fondo do Pindo, a enseada do Ézaro e o mar de Fisterra.

Costa de Dumbría (Ézaro) desde Buxantes








## PERCORRIDO

Podemos comezar o percorrido en calquera punto da beira do mar facendo a ida e a volta polo mesmo camiño ou deixándonos ir polo areal se a marea está baixa.

O porto, os seos que acollen os areas de Area Pequena, Area Grande e praia do Ézaro, que se fan un só cando baixa o mar, separados polos saíntes rochosos dos Forcados e Pedra Maior, a frecha do Xallas sobre a que se asenta a ponte da estrada da costa, o espazo interior do esteiro, no que se acollen as embarcacións para protexerse dos temporais, as centrais eléctricas e a ferverza; que está protexido no LIC Carnota -Monte Pindo. Axeitando o horario (fins de semana) tamén podemos visitar o Museo da Electricidade, ou Centro de Interpretación da Electricidade, instalado no edificio da antiga central, e a Casa da Pedra, Centro de Interpretación das Rutas do Monte Pindo e da Ferverza do Ézaro. O que non podemos deixar de facer é unha subida ao miradoiro do Ézaro, na parte alta do canón do Xallas, por enriba da ferverza, desde onde temos unha vista do conxunto e unha panorámica espectacular que abrangue a costa ata Fisterra.

1-Cadoiro do Xallas. O Xallas nace no Monte Castelo e, despois de 64,5 km de percorrido cae nun salto de 30 m de altura na enseada de Ézaro, entre as rochas de granito rosa dos Macizos do Pindo e Buxantes (entre os concellos de Dumbria e Carnota). Unha lenda conta que detrás da ferverza existía unha porta máxica vixiada por bruxas. O mozo que se atrevía a pasar chegaba a debaixo do río e podía casar cunha fermosa princesa encantada e acadar unha gran fortuna.







Enseada do Ézaro e esteiro do Xallas desde o miradoiro situado sobre o canón do río Xallas e desde o que se poden ver espectaculares vistas dos macizos do Pindo e Buxantes e da costa de Ézaro a Fisterra. A subida ao miradoiro do Ézaro pódese facer desde a Central Eléctrica, por unha estrada estreita e moi encosta, coñecida como un punto de especial dureza nas carreiras ciclistas; ou pola estrada que vai do Ézaro a Dumbria.



Casa da Pedra

#### **LIC "CARNOTA MONTE PINDO"**

Espazo formado pola praia de Carnota, As Dunas de Caldebarcos os Montes do Pindo e Buxantes, as Illas Lobeiras e o espazo marítimo próximo á costa. Hai unha proposta de ampliación pendente de aprobar que inclúe os Montes de Buxantes ata o Xallas e o espazo mariño ata Fisterra. En Dumbria inclúe a ferverenza e o esteiro do Xallas.

É unha área de grande interese xeolóxico, ecolóxico e paisaxístico onde alternan extensos areais (Carnota, Caldebarcos) con espectaculares formacións graníticas, canóns fluviais e ferverenzas.



#### **2-Enseada de Ézaro**

É unha enseada moi protexida, ao abrigo dunha barra de area que pecha parcialmente a desembocadura do río Xallas e que forma a praia de Ézaro, de 730 m de lonxitude.

Na chamada "Casa da Pedra" hai un centro de interpretación da natureza do río Xallas e o macizo do Pindo.






Esteiro do Xallas.




Praia de Ézaro e ponte sobre o Xallas



2-Enseada de Ézaro





3-Pedra Maior ou Pedra Grande



4-Praia de Area Grande

5-O Forcado



6-Praia de Area Pequena



7-Peirao de Ézaro

Punta Finsín e praia.